



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

EXPEDIENTE: 12709/407

Contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo

ACTA DA APERTURA E EXAMEN DO SOBRE-ARQUIVO ÚNICO CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN DO EDIFICIO SEDE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO (XMU).

ASISTENTES:

Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos Centrais da XMU.

María Montserrat Campos Bestilleiro, Técnica de Admón Xeral dos Servizos Centrais da XMU.

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa administrativa dos Servizos Centrais.

En Vigo, sendo as 10:15 horas do día 01.10.2020, reunidos os membros compoñentes da Unidade Técnica de auxilio ao órgano de contratación, para a apertura e valoración do sobre-arquivo único das ofertas achegadas no expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria, do subministro de GASÓLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NO EDIFICIO SEDE DA XMU (expte. 12709/407), asistindo as persoas relacionadas anteriormente.

Primeiro.- A Secretaria da lectura á relación de licitadores, xerada pola Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), onde se sinalan as seguintes empresas que achegaron oferta a través da Plataforma ata a data límite para a presentación:


GASÓLEOS AMIGO S.L. B36736049

Unha vez coñecido o licitador participante, a totalidade dos funcionarios asistentes manifiestan que non existe ningún conflito de intereses que poda comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento en cumprimento do establecido no artigo 64 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), subscribindo, pola sinatura da presente acta, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

Segundo.- A continuación pola Secretaria, procédese ao desenscriptamento, apertura e lectura das ofertas, comprobando a integridade e identidade das ofertas presentadas e aloxadas na PCSP.

Constátase a existencia do Documento Europeo Único de Contratación (DEUC), o Anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e arquivo correspondente a oferta económica.

	Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 16/11/2020 10:38	Páxina 1 de 3
	EXPEDIENTE 12709_407	CSV: 2DE88A-428638-8983B6-G1TVFB-XYG6JJ-H7	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

 Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO SERVIZOS CENTRAIS	EXPEDIENTE: 12709/407 Contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo
--	---

Seguidamente procédese á calificación do contido do DEUC e do Anexo II, acordando por unanimidade dos membros asistentes declarar suficiente a documentación administrativa achegada, resultando admitida neste procedemento a entidade licitadora.

Acto seguido, procédese á lectura da oferta económica achegada, propoñendo un desconto do 0,35% sobre o prezo de referencia do gasóleo.

Clasificación das ofertas admitidas na licitación			
N.º orde	Licitador	CIF	Desconto ofertado
1	GASÓLEOS AMIGO S.L.	B36736049	0,35%

Terceiro.- De acordo co sinalado na cláusula 20 do PCAP, pola unidade técnica de asistencia ao órgano de contratación procédese á comprobación no Rexistro de Licitadores da oferta admitida, reflexando correctamente os seguintes aspectos:

- A súa válida constitución e obxecto social.
- A capacidade de obrar.
- Poder bastante con que actúa o seu representante, no seu caso.
- Que non está incurso en prohibición de contratar.


De acordo co previsto na cláusula 20.4 do PCAP compróbase que o licitador con maior puntuación está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social, segundo consta acreditado mediante os certificados incorporados ao expediente. Así mesmo, a Oficina de Servizos Centrais requiriu de oficio a certificación acreditativa de que o licitador con maior puntuación está ao corrente nas súas obrigas tributarias fronte ao Concello de Vigo, e certificación no mesmo sentido emitida pola ATRIGA.

A fin de comprobar os aspectos sinalados na cláusula 20 do PCAP, acórdase a suspensión da presente sesión, retomando a mesma sen necesidade de convocatoria previa unha vez recabada a información necesaria, á espera da súa emisión polo Concello de Vigo e ATRIGA, uníndose as demais certificacións sinaladas na aplicación informática de xestión ao expediente 12709/407, e requiríndo ao licitador a súa acreditación como distribuidor autorizado, segundo establece o punto 5 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

Sendo as 11:05 horas do día 05.10.2020. retomáse a sesión aos efectos de deixar constancia da recepción das certificacións emitidas polo Concello de Vigo e ATRIGA, acreditando que a entidade GASÓLEOS AMIGO S.L atópase ao corrente das súas obrigas tributarias, e xustificante aportado polo licitador acreditativo da súa inscrición no Rexistro de Instalacións de Distribución polo miúdo de Produtos Petrolíferos Líquidos, emitido pola Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia.

Ditas acreditacións achéganse á aplicación informática de xestión de expedientes a fin da súa constancia.

En consecuencia, segundo o previsto na cláusula 22 do PCAP, procede formular ao órgano de contratación a adopción do seguinte **ACORDO**:

	Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 16/11/2020 10:38	Páxina 2 de 3
	EXPEDIENTE 12709_407	CSV: 2DE88A-428638-8983B6-G1TVFB-XYG6JJ-H7	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SERVIZOS CENTRAIS

EXPEDIENTE: 12709/407

Contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción no edificio sede da Xerencia Municipal de Urbanismo

PRIMEIRO: Adjudicar o contrato de subministro de gasóleo tipo C para calefacción nas instalacións do edificio sede da XMU, á entidade GASÓLEOS AMIGO S.L., cuxa oferta é a mellor clasificada, cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo dun 0,35%, cunha duración dunha anualidade prórrogable, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo do Consello da Xerencia e da oferta presentada no expediente 12709/407.

A formalización da presente contratación efectuaráse mediante a sinatura de aceptación polo contratista do acordo de adjudicación, de conformidade co sinalado na letra g) do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.

E para constancia de todo o tratado os membros asistentes asinan a presente acta, deixando constancia da súa aprobación, e, aos efectos de garantir a transparencia no procedemento de contratación, así como facilitar o exercicio do dereito establecido no artigo 81 do Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e no artigo 63 da LCSP, acordase expoñer o resultado da valoración efectuada no perfil do contratante do órgano de contratación Consello da Xerencia.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 16/11/2020 10:38	Páxina 3 de 3
EXPEDIENTE 12709_407	CSV: 2DE88A-428638-8983B6-G1TVFB-XYG6JJ-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		